

## **Emilia Pardo Bazán na Escuela de Estudios Superiores do Ateneo de Madrid. Sobre a última adquisición da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán**

Xulia Santiso Rolán  
 (DIRECTORA DA CASA-MUSEO EMILIA PARDO BAZÁN)  
 casamuseoepb@realacademiagalega.org

*(recibido marzo/2013, revisado abril/2013)*

RESUMEN: Procedente dunha colección privada, a Real Academia Galega mercou este cadro en febreiro de 2013. O seu valor intrínseco é grande, constitúe unha peza importante dese gran crebacabezas que supón a biografía de Emilia Pardo Bazán.

A análise obxectual, a revisión do asunto e a maneira de presentalo convertéronse en canles para chegar a interesantes conclusións.

Apuntamos aquí algunhas pinceladas sobre o que suscita a observación do óleo sobre lenzo titulado *Emilia Pardo Bazán no Ateneo de Madrid. Cátedra de literatura contemporánea. 1897*, de autoría de Joaquín Vaamonde

### DESCRIPCIÓN TÉCNICA

**Autor:** Joaquín Vaamonde Cornide (1871-1900)

**Título:** Emilia Pardo Bazán no Ateneo de Madrid. Cátedra de literatura contemporánea.

**Técnica:** Óleo sobre lenzo.

**Dimensións:** 60 x 40 cm.

**Fecha:** 1897

**Firmado.** Vaamonde.

**Inscripcións:** Restos dunha inscrición ilexible a lapis na marxe inferior esquerda.

**Estado de conservación:** Bastidor orixinal afectado por xilófagos e danos na tea, requiriuse restauración profesional. Moldura moderna.

“Conferencia”, podería ser o título. Unha muller le ante un público atento. Non hai data. A factura é boa: rápida, segura, pinceladas amplas, un certo xogo matérico.



A composición é clara e elegante; divídese a escena en terzos, o primeiro para a protagonista, o segundo para o público e o terceiro permanece baleiro marcando unha diagonal que rompe e dinamiza a horizontalidade da peza.

A sinatura non deixa lugar a dúbidas, coñecemos ao autor e tamén a súa vinculación coa biografía da retratada.

### O AUTOR.

Joaquín Vaamonde<sup>1</sup> (A Coruña, 1871- Meirás, 1900) aparecera na vida de Pardo Bazán a finais do verán de 1894. O 30 de setembro dese ano Emilia escribe ao seu bo amigo Lázaro Galdiano unha carta onde acusa recibo dos materiais necesarios para o retrato que lle van pintar; unha caixa de cores e papel. Ao mesmo tempo, un tanto escéptica prega: “¡Dios ponga tiento en las manos del artista!”<sup>2</sup>.

Vaamonde foi o pintor ao que Emilia, e tamén a súa nai Amalia, protexeron e impulsaron en Madrid. O seu traballo comprace á escritora e preséntao enseguida ao “gran mundo” madrileño con aquel “chocolate artístico” do que se falou nos xornais<sup>3</sup>. Así mesmo, Amalia axúdalle montar estudo da rúa Jardines de Madrid e tamén ela, protagonista dun magnífico retrato que pertence á Casa-Museo, foi a designada para executar o testamento do artista<sup>4</sup>. Pero foron os propios méritos –a calidade dos seus debuxos, a idealización das persoas retratadas, a beleza e elegancia que respiran as súas obras– que o converteron no espello no que toda a alta sociedade española quixo verse reflectida. A inxente cantidade de traballo na que se viu envolto para poder atender toda esta clientela obrigouno desatender a súa propia formación e levouno á crise á que dona Emilia fai referencia no seguinte texto:

Su afán, residir largo tiempo en el extranjero, y allí educarse, completar su iniciación artística. Su ídolo, Sorolla, y la pincelada viril, amplia, fuerte, con luz plena y realidad hasta brutal. Su tormento, la ocupación a la que se consagraba. Yo solía recordarle, para calmar su fiebre, la frase de Alfredo de Musset: “Mi vaso es chico, pero bebo en mi vaso”<sup>5</sup>.

<sup>1</sup> Para unha maior aproximación a este pintor, remito ao magnífico catálogo da exposición monográfica que tivo lugar nas salas da Fundación Pedro Barrié de la Maza en colaboración co Museo de Pontevedra no ano 2001. *Joaquín Vaamonde: 1871-1900. Catálogo de exposición*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña. 2000. No minucioso traballo de Ángeles Tilve Jar cuestiónanse e resólvense os interrogantes que puidese suscitar a súa figura.

<sup>2</sup> Thion Soriano-Mollá, Dolores. *Pardo Bazán e Lázaro. Del lance de amor a la aventura cultural*. Fundación Lázaro Galdiano, Madrid, 2003.

<sup>3</sup> Abate Faria, en “Noticias de Sociedad”, *El Día*, Madrid, 24 de xaneiro de 1895.

<sup>4</sup> Santiso Rolán, Xulia, coord. *Catálogo da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*. Real Academia Galega, Deputación da Coruña, 2008.

<sup>5</sup> Pardo Bazán. Emilia, en “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística*, 3 de setembro de 1900.

Á súa morte, a escritora dedícalle a magnífica novela *La Quimera*.

No era la riqueza, y acaso no era ni la fama lo que buscaba el artista, era la realidad, si así puede decirse, de lo quimérico, la satisfacción de transformarlo en verdad un instante<sup>6</sup>.

## O ESPAZO

Tamén coñecemos o espazo. A escena está tomada no salón de Actos do Ateneo de Madrid.

O edificio, inaugurado o 31 de xaneiro de 1884, é obra dos arquitectos Luís Landeche e Enrique Fort. A decoración é de Arturo Mélida y Alinari<sup>7</sup> e este salón de actos constitúe o primeiro exemplo do Modernismo en Madrid. Mélida resolve iconograficamente a razón e función do Ateneo. Na cátedra sitúanse tres grandes paneis en alusión aos epítetos do Ateneo; Ciencia, Literatura e Arte, vinculándoos coas tres culturas que constitúen a idiosincrasia da sociedade española. A Ciencia está representada por unha alegoría á civilización árabe, a Literatura por outra á civilización romana e a Arte –este é o panel que aparece esbozado no cadro de Vaamonde– queda vinculada a unha alegoría á civilización cristiá, unha sección deste panel é o que apreciamos, esbozado, enriba da oradora.

## O CADRO: QUE CONTA, COMO O CONTA.

Cunha paleta moi curta, en tons sepias próximos ao branco e negro, Joaquín Vaamonde executa esta peza a modo de “apunte do natural” deixando clara a rapidez de execución. En realidade poderíamos estar falando dunha instantánea tomada da realidade. Este é seguramente o obxectivo, deixar constancia gráfica dun feito importante na vida profesional de Pardo Bazán.

Como todas as instantáneas, o produto final ten moito que ver coa selección do encadre, que neste caso reforza o contido conceptual. Está tomada a escena desde un punto de vista baixo, para magnificar á autora exercendo como protagonista, e a rodea dun empaste mais claro para destacala do fondo. Descarga a forza compositiva da parte superior do cadro no terzo inferior, baleiro, onde as pinceladas acusadas deixan constancia desa inmediatez.

<sup>6</sup> Pardo Bazán. Emilia, en “La vida contemporánea”, *La Ilustración Artística*, 13 de maio de 1912.

<sup>7</sup> Arturo Mélida tamén é o autor do monumento a Colón na praza homónima e da reforma do Palacio Bauer, na rúa San Bernardo, case enfronte da residencia de Pardo Bazán en Madrid.

Nesta escena hai atmosfera, e “buen tono” plasmase aquí, con elegancia, a boa sociedade curiosa de aprender. O público enche a sala ata saír do cadro (all-over). Seguro que nalgunas colgaba un aviso: “Aforo completo”.

Enriba da mesa unha copa de auga e un reloxo. Na parede esquerda da oradora outro reloxo que indica un horario estraño hoxe en día para asistir a unha conferencia, as 14:25 h. (xantábase ao mediodía exacto en todo o século XIX, vivíase coa luz natural). En canto ao obxecto circular da dereita, non sabemos demasiado e tampouco no Ateneo puideron aclarar a dúbida, quizais unha iluminación de gas para deixar anotados conceptos na lousa...

Pero si resolveron unha cuestión de maior importancia Manuela Sánchez e Carmen Pazos, persoal especializado da Biblioteca do Ateneo e da Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago respectivamente.

Por que esa case monocromía? a mesma Emilia escribe que en Vaamonde sempre “hay ambiente, tonalidad, buen colorido”<sup>8</sup>. Por que non aproveitar esa virtude do pintor? Toda esa evocación dun feito real, a alusión clara ao apunte do natural, algo que podería ser fotografado... terá algunha relación coa presenza divulgadora da prensa?

Hai xornais que se ocupaban especialmente das actividades do Ateneo de Madrid. Un deles era *La Época* e foi doado atopar este apuntamento na sección “Nuestro Suplemento Ilustrado” baixo o epígrafe “Grabados”: *La autora de “La cuestión palpitante” leyendo una lección en el Ateneo.*

**Año XLIX** **Domingo 16 de Mayo de 1897**

---

**PUNTOS DE SUSCRIPCIÓN**  
ADMINISTRACIÓN CALLE DE LA LIBERTAD, 16  
y en las principales librerías de Madrid y provincias.

Paris.—M<sup>rs</sup>. Eugénie et Cie, rue de la Harpe, 22.  
Asunción capital.—A 25 céntimos de postal luego en cuenta propia.

Encomiendas y pedidos, póngase correspondencia.  
Prestos.—Agencia Franco, plaza de la Bodega, 8, que tiene un correo esclusivo para los señores franceses, y recibirá, además, todos los encargos.

División de Admisión: **MONTAÑA, MADRID**  
TELÉFONO NÚM. 39. **APARTADO NÚM. 102**  
No se destruyen los originales.



# LA ÉPOCA

ÚLTIMOS TELEGRAMAS Y NOTICIAS DE LA TARDE

**Noticia de la isla prometida** a la plaza de boterías de la Audiencia provincial de Oviedo D. Manuel Jiménez Arce, juez de primera instancia del distrito de San Fuldo de Cangas.

**Los facultados del distrito del Hospital.**  
Anuncia *La Justicia* que los Sres. Gamazo, duque de Venegas, marqués de Torres, Marqués Zuloaga y otros han presentado la dimisión de sus cargos de facultados en el distrito liberal del distrito del Hospital, sin duda por la derribo del Sr. Oyar en la reciente elección de concejales.

**Jefe de Estado Mayor de Filipinas.**  
El ministro de la Guerra se ha recibido un telegrama del general Pineda de Buitrago pidiendo su nombramiento de Jefe de Estado Mayor del ejército de Filipinas al general de brigada D. Nicolás del Rey, que en la actualidad vive en Cuba.

En vista de su general muy ilustrado y que en las distintas ocasiones en las acciones libradas en el departamento Oriental para abastecer Bayamo y otras poblaciones de la guerra del Caucho.

**En la «librería».**  
Los señores de Ochoa de Castiella han inaugurado esta mañana con un almuerzo en su residencia de la calle de la Cruz el antiguo propietario de un Almacén en Madrid, el distinguido diplomático señor conde de de Botica-Somerenwede.

Por esta mañana el señor conde de Botica-Somerenwede ha despedido con S. M. la Reina.

---

**Nuestro Suplemento ilustrado.**

Con el número de hoy recibirán nuestros suscritores un Suplemento ilustrado, cuyo interesante contenido es el siguiente:

**TEXTO**

La escritura..... Zulu.  
El profesorado méxico y la nominación en el Ateneo..... R. TORRES CANO.  
Una lección de D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán.....  
Dos cruces..... GONZALO CARRÉ.  
La presidencia de Berri (Guinea)..... FRANCISCO DE NIÑO.

**GRABADOS**

Retrato de D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán (de un postal de Vaamonde).  
La autora de «La cuestión palpitante» leyendo una lección en el Ateneo (apuntal de Vaamonde).  
Un retrato, por G. BARRASA.

no debe ocurrir la idea de que sea la cooperación de los elementos revolucionarios de la Unión, sin las expediciones filipinas que han sido de sus puertos, la guerra del tiempo que estaría terminada.

En todos modos, es evidente que el sistema de apilamientos prevalece en Washington, y que la acción de Mr. Callahan produce como primer efecto el de unir los intereses hispanos de Mr. Loos.

Estos son hasta el presente los hechos, opuestos a la acción y a las doctrinas que se venían de fundar. Por otra parte, la opinión en América está contrariada de que ni el Gobierno federal ni el pueblo americano quieren una política belicosa: el imperio por sí mismo y sus consecuencias, el segundo por intervenir los intereses y por repugnancia al ejército permanente y a las aventuras.

El mensaje de Mr. McKinley, si tiene lugar, servirá probablemente para confirmar esas impresiones.

Pero no hay que olvidar que la opinión cambia fácilmente en las grandes demagogías, y que la prolongación de la guerra cubana afecta al interés y a las preocupaciones más arraigadas en los Estados Unidos. La resolución de esta resolución no puede ser otra más, que la de que el Gobierno federal nuestro Gobierno al cumplir simultáneamente las resoluciones de que disponía para terminar pronto la guerra en Cuba, y que en de supremo interés seguir en camino sin detenerse un punto, porque mientras dure la guerra, existirá el peligro, vago, recon-

A veces tropiezan con las fuerzas de la, que los castillos son fuertes.

Acercos cada día la confianza del país en un pronto término de la guerra, que se cuenta por segura hasta los más recios.

El general Weyler se muestra incansable en sus operaciones.

Desde entonces según la opinión que en la Península le hacen bajo el punto de vista militar.

Los resultados prácticos obtenidos son de las más raras, que sólo vívidos en puede juzgar sólo de lo malo que no lo han lo y conegado.

Los castillos se hallan arbolados en el Comandante y en el departamento Oriental.

Añádese que también conviene en el punto de vista en espíritu el elemento sus sucesivos trabajos.

Los hechos por completo resaca de guerra. Las municiones los ocultos apenas tienen cobijos y se encuentran en estado para municiones.

La guerra está anudada de que llegan aquí las reformas.

Las reformas y los acontecimientos, que en algunas partes necesitan acciones, acortada la acción que han de adoptar respecto a la fuerza es que se plantea, preocupaciones principalmente de la necesidad de una revolución total y sucesos del ensayo.

El partido de unión constitucional acepta también las reformas y se autumero los procedimientos que se emplean.

Observase que algunas veces Weyler se ostentó al agitarse con sus criterios imperiales y egoístas.

La prensa madrileña y la hispanoamericana, y especialmente el Diario de la Marina y La Cádiz Correo-

Acabamos de leer prometido a la plaza de boterías de la Audiencia provincial de Oviedo D. Manuel Jiménez Arce, juez de primera instancia del distrito de San Fuldo de Cangas.

**Los facultados del distrito del Hospital.**  
Anuncia *La Justicia* que los Sres. Gamazo, duque de Venegas, marqués de Torres, Marqués Zuloaga y otros han presentado la dimisión de sus cargos de facultados en el distrito liberal del distrito del Hospital, sin duda por la derribo del Sr. Oyar en la reciente elección de concejales.

**Jefe de Estado Mayor de Filipinas.**  
El ministro de la Guerra se ha recibido un telegrama del general Pineda de Buitrago pidiendo su nombramiento de Jefe de Estado Mayor del ejército de Filipinas al general de brigada D. Nicolás del Rey, que en la actualidad vive en Cuba.

En vista de su general muy ilustrado y que en las distintas ocasiones en las acciones libradas en el departamento Oriental para abastecer Bayamo y otras poblaciones de la guerra del Caucho.

**En la «librería».**  
Los señores de Ochoa de Castiella han inaugurado esta mañana con un almuerzo en su residencia de la calle de la Cruz el antiguo propietario de un Almacén en Madrid, el distinguido diplomático señor conde de de Botica-Somerenwede.

Por esta mañana el señor conde de Botica-Somerenwede ha despedido con S. M. la Reina.

<sup>8</sup> Revista Galicia moderna, n.º 4. Pontevedra, 15-6-1897.

### LA ESCRITORA


...ante tanto es necesario en todas partes, y muy particularmente en España, para lanzarse al estudio de las letras...  
 ...en la demerita republicana de nuestras letras, que las palabras suelen entibiarse con una gran torpemente laboriosa. A lo mejor un que...  
 ...de esta educación, la comprende a puñales y a veces la misma contra sus esfuerzos de borrarlos que contra los neclares más dignos de respeto.  
 ...Para tales vivencias no hay fines lógicos, ni honor, ni honorarios, ni talento, ni inspiración, ni nada...  
 ...la natural: en la semana del edificio literario, como los de todo gran edificio, abundan los accidentes.  
 ...Hablando de estas cosas, decía Demas (hijo) en el prólogo de una de sus obras (no parece que *El hijo del artista*), sobre poco más o menos, lo siguiente:  
 ...Hablamos en plata, sin a riesgo de que nos aprehendan después de todo, sino de mostrarlo en su propia que debe desdoblarse. Cuando el trabajo del ingeniero es en su más noble entre todos los profesionales, es el más vil de todos los oficios. La desproporción, el vicio, la envidia, la muerte, la duda, el vicio y la deserción encuentran al cabo y a veces en medio de su camino despreciable, en el cual la conciencia...  
 ...compaña a la emulación, la popularidad fatiga la gloria y el dinero es el fin supremo, la distinción...  
 ...es un para los hombres de buen temple...  
 ...la carrera literaria es como bajar el río...

Porque la Sra. Pardo Bazán es de los pocos escritores contemporáneos cuya obra pasa la frontera. De alguna de sus novelas, *Zoética*, por ejemplo, joya de insuperable valor, se han hecho no sé cuántos traducciones, y muchos de sus artículos están por revistas y periódicos extranjeros, acompañados de justos y grandes elogios.  
 El recuerdo de la célebre galega hay obra de muy pocos años, puede decirse que la *Revista* tiene y verá.  
 Quince años hace que los lectores de *La Esfera* han con creciente admiración y constante interés una serie de artículos, en los cuales, bajo el epígrafe de «La cuestión palpitante» se estudiaba con penetrante sentido crítico, abundante copia de erudición, elegante estilo y castizo lenguaje, la obra literaria que por entonces agitaba a los franceses y que aquí, donde las modas están siempre un poco retrasadas, apenas era conocida de los lectores porcos que entre nosotros siguen con algún cuidado el movimiento de la literatura extranjera.  
 Como todo el mundo sabe, la cuestión palpitante era la cuestión del naturalismo. La autora de aquellos notabilísimos artículos enseñó el verdadero sentido de la nueva corriente literaria, fijó su adobe y desvió machos de los prejuicios de los que hablaban del naturalismo como el estallido del curso de la habida del orgullo. ¿Quién era esta escritora que oscuras por donde sucesos acasos literarios *El gran público* no la conocía. Pocos años después el nombre de D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán era estimado y estimado como uno de los más ilustres de la literatura contemporánea.  
 No quedaba defraudar las esperanzas que hicieron concebir tales conceptos. En 1886, tres años después de la publicación en *La Esfera* de «La cuestión palpitante» el traductor francés de esta obra, M.<sup>r</sup> Albert Sobieski, escribió las siguientes frases: «D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán se cuenta en el número de los primeros autores peninsulares. En pocos años ha...

Y otros.  
 A esta claridad del estilo corresponde la soltura del lenguaje, su galanesco capcioso, su exactitud, su aire castizo. La Sra. Pardo Bazán es, sin duda alguna, uno de los escritores que mejor escriben la lengua castellana.

Todos los géneros han sido cultivados por la insigne escritora. Yo otro que hasta el día de hoy, por más que hasta ahora sus obras escritas, aunque hayan salido ya de las manos, no han pasado aún al lector. Por la misma razón, no he podido reunir las novelas que en *El Imperio* y *El Liberal*, en las ilustraciones más abundantes, en *La Esfera* y en otros muchos diarios y semanarios publican con asiduidad la Sra. Pardo Bazán (¿quién no admira sus novelas *Zoética*, *Viaje de novias*, *Los otros Juanes*, *La tribuna*, *Los Pájaros de Cádiz*, *Morrión*, *La madre y el hijo*, *La prima y el conde* y *Doña Matilde*?) ¿Quién si no los ha leído no tiene, por lo menos, noticia de sus preciosas ensayos, de sus artículos, de sus estudios críticos e histórico-religiosos (*Sesenta Principios*, *Los Espiritos*, *El espíritu de toda su fuerza* y *varia labor*) y como si esto no fuera bastante, como si tanto y tan múltiples trabajos fueran insuficientes para cumplir la asombrosa actividad de este espíritu extraordinario, las lecciones superiores de la cátedra del Ateneo han venido a poner al salto de su justa celebridad.  
 Desde los tiempos en que una dama explicaba los clásicos en Orléans y otra seguía a su padre en Alcalá, no se había visto en España que una señora enseñara con los más ilustres maestros de nuestro patria las sabias letras de la cátedra. La importancia de este hecho, tan honroso como descomulgado, no sólo reconocida por el público extranjero que los ha de aplaudir en el Ateneo para que el autor del palacio de D.<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán.  
 El interés con que el auditorio escuchaba a la señal profesora ha sido tan grande que interrumpen sus cursos; los elogios que los hombres de ciencia le han tributado, prueban son todas ellas han hecho clara de la admiración que el público más culto y más erudito de Madrid siente por la insigne escritora.

...descubrir en las jóvenes energías y aptitudes de...  
 ...mida, mas...  
 ...aunque en un modo favorable en la formación del carácter femenino.  
 El Ateneo de Madrid ha contribuido mucho a...  
 ...difundir las ideas...  
 ...heredadas de la época,...



Aí estaba. Seguramente para deixar constancia pública, dona Emilia pediulle a Vaamonde que a retratara exactamente como ela quería aparecer. A imaxe da primeira muller que ocupa o estrado para dar un curso na Escuela de Estudios Superiores do Ateneo de Madrid aparece en prensa.

Pardo Bazán de pe, riseira, recortada contra o fondo, no estrado do salón de actos do Ateneo de Madrid, ao que tanto traballo custaba chegar, onde aínda non podía entrar como socia -institución á que pertenceron case todos os presidentes de Goberno de España- nunha convocatoria onde cada conferenciante cobraba máis dunha peseta por minuto<sup>9</sup>. Primeira profesora con 11 leccións por diante para esmiazar a “literatura contemporánea” comezando pola literatura francesa, tema que fora o trampolín desde o que saltara ao recoñecemento público unha vez que se nomeara a si mesma a “capitana verdades” do naturalismo e alzara aquela *Bandera Negra* neste mesmo periódico a principios de 1884.

En realidade a única profesora en toda a traxectoria deste evento. Nesta tribuna de oradores non houbera moitas mulleres que fixeran iso antes dela e non houbo moitas mais durante bastante tempo. En 1884 Rosario de Acuña fora a primeira que ocupara esta palestra para ofrecer unha velada poética. En 1887 Emilia Pardo Bazán sería a primeira conferenciante, cunha serie de intervencións editadas despois co título de *La Revolución y la novela en Rusia*, que configuran o primeiro traballo sobre esta corrente literaria e a súa exposición pública en España.

<sup>9</sup> Villacorta Baños, Francisco, *El Ateneo de Madrid (1896-1907). La Escuela de Estudios Superiores y la Extensión Universitaria*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), Madrid, 1979.

Concepción Gimeno de Fláquer, Blanca de los Ríos ou Sofía Casanova serán das poucas que ocuparán ese estrado despois dela<sup>10</sup>.

No curso de Pardo Bazán inscribíranse 825 alumnos e alumnas –nótese que case triplican aos inscritos na seguinte cátedra máis solicitada– as 21 leccións dun “Plan y método para el estudio de la sociología” impartido polo krausista Gumersindo de Azcárate ao que acoden 245 persoas. O feito de que aparezan mulleres é obxecto de controversia, e tamén aparece no cadro. O elemento feminino está representado convenientemente, hai 8 mulleres (9 con ela) e 12 homes, incluso hai dúas mulleres xuntas, sen parella masculina, novo apuntamento de modernidade. Por este cadro<sup>11</sup> coñecemos as datas exactas. Once sesións, case todas en luns.

ATENEIO DE MADRID.

ESCUELA DE ESTUDIOS SUPERIORES.

Curso de 1896 á 97.

| PROFESORES.                         | Número de alumnos. | FECHAS EN QUE HAN DADO LAS LECCIONES. |              |            |          |            |             |              |    | Número de lecciones. |
|-------------------------------------|--------------------|---------------------------------------|--------------|------------|----------|------------|-------------|--------------|----|----------------------|
|                                     |                    | 1896.                                 |              |            |          | 1897.      |             |              |    |                      |
|                                     |                    | Octubre.                              | Noviembre.   | Diciembre. | Enero.   | Febrero.   | Marzo.      | Abril.       |    |                      |
| D.ª Emilia Pardo Bazán....          | 825                | »                                     | »            | »          | 18-25    | 8-32       | 8-15-22-29  | 5-12-26      | 11 |                      |
| D. Gumersindo de Azcárate.          | 243                | 26                                    | 2-9-16-23-30 | 7-14       | 18-25    | 1-8-15-22  | 8-15-22-29  | 5-12-26      | 21 |                      |
| D. Adriano Contreras.....           | 109                | 27                                    | 3-10-17-24   | 1-15       | 19-26    | 9-16-23    | 9-16-23-30  | 6-27         | 18 |                      |
| D. Rafael M.ª de Labra....          | 71                 | »                                     | »            | »          | »        | 16-23      | 9-16-23-30  | 6-20-27      | 9  |                      |
| D. Juan M. Ori y Lara.....          | 102                | 27                                    | 3-10-17-24   | 1-7        | 28       | 9-16-23    | 9-16-23-30  | 6-27         | 17 |                      |
| D. Ricardo Velásquez.....           | 131                | »                                     | »            | »          | »        | 16-23      | 9-16-23     | 6-27         | 7  |                      |
| D. Juan Facundo Riaño....           | 120                | »                                     | »            | »          | 20-27    | 3-10-17-24 | 10-17-24-31 | 7-21-28      | 13 |                      |
| D. José M.ª Madariaga.....          | 235                | 23                                    | 4-11-18-25   | 2-9        | 20-27    | 3-10-17-24 | 10-17-24-31 | 7-21-28      | 20 |                      |
| D. Manuel B. Cosío.....             | 80                 | »                                     | »            | »          | 20-27    | 3-10-16-24 | 10-17-24-31 | 7-21-28      | 13 |                      |
| D. Daniel Cortázar.....             | 68                 | 28                                    | 4-11-18-26   | 2-9        | 20-27    | 3-10-17-24 | 10-17-24-31 | 7-21-28      | 20 |                      |
| D. Marcelino San Martín...          | 99                 | »                                     | »            | »          | 20-27    | 3-10-17-24 | 10-17-24-31 | 7-21-28      | 13 |                      |
| D. Marcelino Menéndez y Pelayo..... | 210                | »                                     | 5-12-19-26   | 3-10       | 21-28    | 4-11-18-25 | 4-11-18-27  | 1-8-29-1.º   | 20 |                      |
| D. Eugenio Montero Ríos...          | 156                | »                                     | »            | »          | 11-19    | »          | 4           | 1-8          | 5  |                      |
| D. Manuel Antón.....                | 113                | 29                                    | 5-12-19-26   | 3          | 21-28    | 4-11-18-25 | 4-11-18     | 1-22-29      | 18 |                      |
| D. Francisco Martín Arrüe..         | 28                 | »                                     | »            | »          | »        | 25         | 4-11-18     | 1-8-19-22-29 | 9  |                      |
| D. José Echegaray.....              | 122                | 27                                    | 6-13-20-27   | 4-11       | 16-22-29 | 5-12-19-26 | 5-12-26     | 2-9-23-30    | 21 |                      |
| D. Eduardo León y Ortis...          | 79                 | 28                                    | 1-11-18-26   | 2-9        | 21-28    | 4-11-19-26 | 5-12-26     | 2-9-23-30    | 20 |                      |
| D. Luis Simarro.....                | 107                | 23-30                                 | 6-13-20-27   | 4-11       | 15-22-29 | 5-12-19-26 | 5-12-26     | 2-9-30       | 21 |                      |
| D. Ramón Menéndez Pidal.            | 70                 | 21                                    | 7-14-21-28   | 5-12       | 16-30    | 6-13-20-27 | 6-13-20-27  | 3-10         | 19 |                      |
| D. Felipe Pedroll.....              | 139                | 24-31                                 | 7-14-21-28   | 5-12       | 16-30    | 6-13-20-27 | 6-27        | 3-10-24-29   | 20 |                      |
| D. Santiago Ramón y Cajal.          | 231                | 26                                    | 2-14-21-28   | 5-12       | 16-30    | 6-13-20-27 | 6-13-20-27  | 3-10-24-30   | 21 |                      |
| D. Jenaro Alas.....                 | 40                 | 29                                    | 5-12-19-26   | 3-10       | 21-28    | 4-11-18-25 | 4-13-20-27  | 3-10-24      | 20 |                      |

Hay «días de moda», en que el público del Ateneo parece el público de un primer turno del Real. Son estos días aquellos en que la autora ilustre de *La cuestión palpitante*, sencillamente vestida de negro, sube a la cátedra para dar sus lecciones de literatura. La gente les llama «los lunes clásicos del Ateneo»<sup>12</sup>.

<sup>10</sup> Concepción Jimeno de Flaquer dará aquí, entre outras, unha conferencia titulada «Las mujeres de la Revolución Francesa» en 1891 e outra titulada «El feminismo», publicada en Madrid en 1903.

<sup>11</sup> Ateneo Científico, Literario y Artístico De Madrid. Escuela de Estudios Superiores. Curso de 1897 a 1898. Lista de Profesores y Asignaturas y Memoria de Secretaría Referente al Curso de 1897 Á 1897. Dirigida al Excmo. Sr. Director De Instrucción Pública en Cumplimiento da a Real Orden del Ministerio de Fomento de 20 de noviembre de 1896. Folleto conservado no Arquivo do Ateneo.

<sup>12</sup> *El Liberal*. Madrid, mércores 27 de xaneiro de 1897.

## O CONTEXTO.

## O ATENEO DE MADRID E O PROGRAMA DA ESCOLA DE ESTUDOS SUPERIORES (1896-1907).

Sabemos que o Ateneo supón un marco de referencia para observar a evolución ideolóxica dos diferentes sectores da burguesía intelectual española neste tránsito de séculos XIX a XX. Analizar os seus debates é asomarse á realidade sociolóxica de España nesta época e o lenzo que nos ocupa supón unha peza importante para dar visibilidade a unha complexa situación<sup>13</sup>.

Tras o fracaso do Sexenio Revolucionario, recoñecemos entre os socios mais activos do Ateneo os nomes do mais escolleito dos profesores universitarios krausistas, e tras a “Segunda Cuestión Universitaria”, iniciativas como a “Escuela de Estudios Superiores” demostran que ao Ateneo buscábaselle dar un carácter de “universidade libre”, espazo fóra do control ideolóxico da universidade centralizada e burocrática. A valentía das convocatorias así o levan demostrado<sup>14</sup>.

No caso que nos ocupa, por vez primeira en toda a súa historia o Ateneo retribúe con dignidade aos seus catedráticos. Esa peseta por minuto, segundo sentida expresión do xornalista F. de Montemar<sup>15</sup>, provén dunha subvención estatal de 50.000 pesetas que Moret consegue do entón Ministro de Fomento, Linares Rivas<sup>16</sup>. Segundo o criterio do claustro da “Escuela”<sup>17</sup>, as mais prestixiosas figuras, os maiores especialistas, serán os encargados das cátedras. 3.391 alumnos e alumnas e 356 leccións son a proba do éxito deste primeiro ano<sup>18</sup>.

<sup>13</sup> Nerea Aresti Esteban, “El Ángel del hogar y sus demonios. Ciencia, religión y género en la España del siglo XIX” demostra unha vez mais a incidencia das teorías sociolóxicas vixentes para determinar a situación da muller na historia de España. En *Historia contemporánea*, Universidad del País Vasco, nº 21, 2000.

<sup>14</sup> 1874-75. Na sección de Ciencias Morales y Políticas débátese sobre “Si el actual movimiento de las ciencias naturales y filosóficas en sentido positivista, constituye un grave peligro para los grandes principios morales, sociales y religiosos en que descansa la civilización” e na de Ciencias Exactas, Físicas y Naturales “Si puede y debe considerarse la vida de los seres organizados como transformación de la fuerza universal”.

<sup>15</sup> Félix de Montemar, satírico personaxe de Espronceda, protagonista en *El estudiante de Salamanca* foi o seudónimo do xornalista Fidel Melgares segundo a súa necrolóxica no ABC o 5 de febreiro de 1946. As crónicas que nos ocupan, no *Heraldo de Madrid*, datan do 23 de febreiro, 9 de marzo e 6 de abril de 1897 segundo a súa necrolóxica no ABC o 5 de febreiro de 1946.

<sup>16</sup> Real Orden de 20 de novembro de 1896.

<sup>17</sup> Non queda demasiado clara a composición e o número deste claustro da “Escuela”. Villacorta apunta que está formado pola Xunta Executiva, ex presidentes do Ateneo, os Presidentes das Seccións e seis socios en representación da xunta xeral.

<sup>18</sup> Pouco a pouco e por motivos variados, vaise desfecendo a forza e a idea inicial ata que nos “Presupuestos Generales del Estado, año económico de 1900, Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, aparece unha minguada subvención de 20.000 pts para manter estas cátedras. Non será o final, pero si o esvaeceamento desta actuación cultural. Villacorta, *op.cit.*



En palabras de Segismundo Moret, presidente do Ateneo, a ESCUELA DE ESTUDIOS SUPERIORES nacía co obxectivo de

crear un organismo científico de tal naturaleza que, ampliando y sistematizando cuanto se enseña en los centros docentes oficiales, sea al propio tiempo lugar especialísimo donde se cultive la ciencia por la ciencia [...] y desde la cual puedan suplirse las inevitables deficiencias de la enseñanza oficial<sup>19</sup>.

Como proban os títulos das convocatorias de 1874 e 1875, xa desde hai tempo que está a producirse unha inflexión no pensamento español, especialmente no tránsito da metafísica idealista a unha mentalidade positivista. Esta viraxe supón a fin progresiva do protagonismo do pensamento krausista, de corte liberal idealista (cristianismo liberal e tolerante) cara unha nova especulación filosófico-científica que se impón como canon rigoroso de coñecemento e incluso como estrito modelo de comportamento social.

Estamos asistindo pois a un diálogo –e ás veces enfrontamento– de dúas maneiras de apreciar a realidade, ambas as dúas dentro do Ateneo, no mesmo espazo onde tamén aparece Pardo Bazán como paradigma de muller intelixente e capaz, personalizando unha complicación engadida, xa que o positivismo, que se ía convertendo en xuíz incuestionable, enfrontado abertamente ao dogmatismo católico e achegándose ao socialismo, sorprendentemente non admite cambios no que establece a tradición sobre a cuestión home/muller e baseándose en probas físicas como a da menor capacidade cranial destas últimas, rebate o espírito krausista que apoia a formación pedagóxica do elemento feminino para a súa incorporación á sociedade activa.

En 1891, seis anos antes da imaxe que analizamos, EPB xa contestara con valentía a Urbano González Serrano (de formación krausista pero evolucionado cara o positivismo) sobre a imposibilidade da amizade entre homes e mulleres “no puede dejar de notarse en las mujeres cierta inferioridad intelectual respecto de los hombres”, escribe González Serrano, e Pardo Bazán replica: “No es la naturaleza, es la sociedad tal cual hoy se encuentra constituida quien acaso desequilibra a la mujer”<sup>20</sup>.

A presenza da escritora nesta “Escuela” pon de manifesto unha realidade que non é posible obviar. O grande éxito de público nas súas “clases” apunta como mínimo

---

<sup>19</sup> *Discurso pronunciado por el Excmo Sr. D.Segismundo Moret el 22 de de octubre de 1896 en el Ateneo Científico, Literario y Artístico de Madrid con motivo de la apertura de las Cátedras.* Folleto editado polo Ateneo madrileño.

<sup>20</sup> Pardo Bazán, Emilia: “del amor y la amistad (A pretexto de un libro reciente)” en *Nuevo Teatro Crítico*, nº 13. marzo 1891.

a un apoio social cara a experiencias deste tipo, ademais dun enorme poder de convocatoria por parte da escritora.

Como tantas veces na súa vida, a actividade de Pardo Bazán está moi por diante do desenvolvemento desta España decimonónica.

En xeral a “Escuela” pódese cualificar como un éxito<sup>21</sup>, incluso polas críticas que orixina. Dentre o sector da prensa madrileña que segue a diario as novidades do Ateneo atópase *El Herald de Madrid* que non tarda en lanzar os seus dardos contra algúns dos poñentes. Nel adoita publicar Clarín, do grupo heteroxéneo dos krausistas, que en marzo escribe sobre as clases de Pardo Bazán tachándoas de «superficiales rapsodias de asuntos manoseados» engadindo que a presenza de algúns oradores provoca a afluencia masiva de mulleres. Asegura que o guía o anhelo de elevar o nivel das cátedras ateneístas, onde disertan «superiormente varios ínfimos reclutas de las ciencias y de las letras»<sup>22</sup>.

Ademais da novelista, outro “recluta” é un xoven «que está explicando nada menos que los orígenes de la lengua castellana». Chámase Ramón Menéndez Pidal que no futuro será tamén presidente do Ateneo.

Ao curso seguinte, máis da metade dos catedráticos repetirán, xunto con outros tantos nomes novos entre os que se conta Leopoldo Alas. Ela non aparece na lista<sup>23</sup>. En setembro envía unha carta a Moret renunciando participar:

...no puedo tampoco comprometerme para enero, pues si lo hiciese, me creería en el deber de sostener el compromiso, y no pudiendo realizalo, tendría un disgusto. Prefiero decir ya desde luego que por este ano no me será dado compartir las tareas de los Profesores de ese docto Centro. Esta carta tiene valor oficial, pero si no es bastante pondré una comunicación; hasta puede V. remitirmela redactada para que la firme.

Pero xa conseguíu o que quería: demostrar que unha muller, ela, pode alcanzar a dignidade de catedrática e relacionarse coas figuras máis notables do panorama cultural español<sup>24</sup>.

<sup>21</sup> García Martí, Victorian., *El Ateneo de Madrid. 1835-1935*. Madrid, Dossat, S.A. 1948.

<sup>22</sup> 20 de febreiro de 1897.

<sup>23</sup> Acosta, Eva, *Emilia Pardo Bazán. Biografía. La luz en la batalla*, Editorial Lumen, Barcelona 2007.

<sup>24</sup> Quesada Novás, Ángeles. “Una meta alcanzada” en *La Tribuna, Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, nº 4, 2006. Describe o ambicioso -e ilusionado- programa proxectado para esta cátedra, anuncio do que mais tarde será o seu programa universitario. “Desearía ensinar la materia que conozco” dí a autora en entrevista de Carmen de Burgos, publicada en *El Liberal* o 19 de febreiro de 1911.

É certo que a asistencia de mulleres comezara a tomar os asentos do Salón de Actos, xa con anterioridade a este curso. Un acordo tomado en “Junta general” de 11 de maio de 1884 que regula o reparto de billetes de convite para conferencias e veladas, asigna a cada socio o dereito a dous billetes de señora. Quizais co tempo a afluencia considerárase excesiva, porque na “Junta de 24 de abril de 1892” introdúcese modificacións a este acordo.

A las veladas musicales y poéticas y a las conferencias científicas y literarias no podrán asistir más señoras que las invitadas por la Junta de Gobierno.

Regúlase tamén o lugar que han de ocupar estas invitadas:

Las señoras que concurran a las sesiones musicales y poéticas podrán ocupar los asentos de la cátedra y los de las tribunas alta y baja, indistintamente. En las conferencias científicas o literarias el número de invitaciones estará limitado por el de asientos de la tribuna alta, única que podrán ocupar las señoras, quedando la baja a disposición del público.

Hai outra proba de que o conflito está servido e que Pardo Bazán é un dos seus protagonistas; o artigo que acompaña á reprodución do cadro en *La Época* “El profesorado mixto y la coeducación en el Ateneo” firmado polo krausuísta Rafael Torres Campos, secretario da “Sociedad Geográfica de Madrid”. Comeza así: “El curso de D<sup>a</sup> Emilia Pardo Bazán ha suscitado vivas discusiones como fenómeno social y pedagógico, que representa el acceso afortunado de una mujer a la más alta cátedra del país para dar enseñanza a público de ambos sexos.”

*PARDO BAZÁN PRIMEIRA SOCIA DE NÚMERO DO ATENEO DE MADRID.  
PRIMEIRA PRESIDENTA DA SECCIÓN DE LITERATURA.*

Non podemos rematar este texto sen deixar de aludir ao ingreso de Pardo Bazán como socia no Ateneo madrileño.

Rafael María de Labra cóntanos<sup>25</sup> as xestións que preceden ao ingreso de Pardo Bazán como socia de número. Ao principio de 1905 un grupo de 53 socios presentara unha proposición á Xunta de goberno para que esta determinara se poden ou non ser socios do Ateneo as señoras. Esta Xunta, presidida entón por Segismundo Moret mostrouse favorable e acordou admitir á señora Pardo Bazán como socia en sesión do día 8 de febreiro, feito que foi ratificado ao día seguinte pola Xunta Xeral de socios.

---

<sup>25</sup> María de Labra, Rafael, *El Ateneo de Madrid: orígenes, desenvolvimiento, representación y porvenir - El Ateneo de Madrid 1835-1905: notas históricas*, Editorial Ateneo de Madrid, 1910.

En días sucesivos fanse eco desta crónica algúns xornais<sup>26</sup>, uns a favor e outros en contra de dona Emilia. Finalmente a revista madrileña *La última moda*, no seu número de 26 de febreiro, publica unha opinión da escritora:

Soy la primera mujer que pisa oficialmente el Ateneo y ésto es para mí una de las mayores satisfacciones que recibí.

Como era de esperar, a entrada oficial de Emilia no Ateneo foi o comezo dunha nova dinámica. A seguinte fonte histórica é a “Lista de señores socios: abril de 1909”. Aclarar que Emilia Pardo Bazán figura como Socio de mérito, categoría que, segundo o regulamento, outórgase aos socios de número que presten servizos eminentes á institución.

Obsérvase que malia os 4 anos transcorridos desde a primeira admisión a unha muller, a relación de socios delata que o avance foi moi lento, porque só figuran na lista sete mulleres:

Emilia Pardo Bazán (nº 7.925, 8 de febreiro de 1905 )  
 Blanca de los Ríos (nº 7.935, 10 de marzo de 1905)  
 Carmen de Burgos (nº 7.945, 10 de marzo de 1905)  
 Rafaela Sánchez Aroca (nº 7.960, 10 de abril de 1905)  
 Teresa Castelo (nº 8.082, ingresa en 1906)  
 Condesa de Requena (nº 8.131, ingresa en 1906)  
 Marquesa de Ayerbe (nº 8.160, ingresa en 1906)  
 Zillah Eselegh (nº 8.339, ingresa en 1907)

Pouco tempo despois será tamén a primeira muller que accede a un cargo directivo, ao resultar elixida presidenta da Sección de Literatura durante os cursos 1906-07 e 1907-08.

Pero esa é xa outra historia.

<sup>26</sup> Diario *La Época*. 15 de febreiro de 1905. Primeira páxina.